



NOTA INFORMATIVA

NORMAS COVID para o acceso aos espazos onde se realizarán as probas de avaliación en competencias clave e para o seu desenvolvemento

Os días 26 e 27 de xuño de 2021 van ter lugar nas instalacións da Feira Internacional de Galicia Abanca en Silleda, as probas de avaliación en competencias clave organizadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade.

Para o acceso aos espazos onde se realizan estas probas, as persoas asistentes deberán cumprir as seguintes normas de hixiene, por razón de adopción de medidas de seguridade polo COVID-19:

1. Cada persoa aspirante debe presentarse na porta de entrada que lle corresponda á hora indicada para o chamamento e non antes, co fin de evitar aglomeracións.
2. Evitaranse aglomeracións tanto fora como dentro do local, realizando o acceso de forma ordenada gardando a distancia de seguridade mínima de metro e medio.
3. As persoas aspirantes evitarán ir acompañadas no permitíndose a presenza de acompañantes nos accesos aos pavillóns, para evitar as aglomeracións inxustificadas.
4. Na espera, acceso e permanencia no interior dos pavillóns en todo momento atenderase ás instrucións do persoal. Deberase prestar atención e cumprir a información da cartellaría e do persoal da organización.
5. Prestar atención e respectar as sinalizacións en canto a distancias de seguridade, sentidos da circulación, localización, espera de quenda, etc.
6. Todas as persoas aspirantes, nos accesos aos pavillóns onde se van realizar as probas, deberán manter o respecto da distancia intersocial de polo menos 1,5 metros entre elas.
7. Todas as persoas deberán acudir co seu propio material (bolígrafo tinta negra ou azul e calculadora se vai facer proba de competencia matemática) para a realización das probas, evitando compartilos.
8. Antes de acceder aos pavillóns, nas entradas de cada porta, facilitaráselle a todas as persoas aspirantes xel hidroalcolico sendo obrigatorio lavar as mans.
9. Para axilizar a entrada aos pavillóns, as persoas aspirantes deberán ter a man o seu DNI/NIE ou pasaporte. Así mesmo, o DNI/NIE ou pasaporte deberá permanecer visible en todo momento sobre a mesa durante a realización das probas.
10. Todas as persoas aspirantes deberán ter posta máscara cirúrxica, que deberá cubrir a nariz e a boca e que non se poderá retirar en ningún momento mentres dure a realización das probas.

Aquelas persoas que mediante xustificación médica teñan exceptuado o uso obrigatorio de máscara, deberán achegar á Dirección Xeral de Formación e Colocación (Instituto Galego das Cualificacións) no prazo de 5 días dende a publicación desta nota informativa, a xustificación da dita exención. De non facelo non poderá acceder sen a máscara.





11. As persoas aspirantes non poderán levantarse nin abandonar a súa mesa sen a autorización expresa do persoal da organización. As saídas e entradas restrinxiránse ás que sexa imprescindibles (enfermidades, necesidades fisiológicas...).

12. Unha vez iniciadas as probas, non se permitirá a ningunha persoa aspirante, abandonar o pavillón ata pasados 30 minutos desde o momento en que se iniciou a proba.

13. No caso de que un aspirante finalice antes de rematar o tempo fixado para a proba, a recollida do exame realizarase directamente na mesa do aspirante polo persoal da organización, e para iso o aspirante deberá levantar a man para indicar que finalizou a proba.

14. Unha vez concluído o tempo fixado para a realización das probas, as persoas aspirantes deberán agardar no seu sitio ata que un membro de equipo da organización lle recolla o exame.

15. Ao rematar as probas, as persoas aspirantes saíran de forma ordenada e mantendo a distancia intersocial de polo menos 1,5 metros entre cada unha delas.

16. As persoas aspirantes se teñen síntomas durante a realización das probas compatibles coa COVID-19, deberán de poñelo inmediatamente en coñecemento do persoal colaborador da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúe febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfato e do gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

Se algunha persoa aspirante iniciáse síntomas, retirárase do resto das persoas e adoptaranse as medidas procedentes para que abandone a sala de celebración das probas. A persoa aspirante contactará co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia 900 400 116 e no caso de que a persoa que inicia síntomas estea nunha situación de gravidade ou teña dificultades para respirar, avisarase ao 061.

17. Non poderán acceder ao exame aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19, aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou as que se atopen en período de corentena domiciliar por ter tido contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Deste xeito, as persoas que non poidan realizar as probas de avaliación en competencias clave nas datas previstas debido a contaxio ou posible contaxio co virus COVID-19, serán convocadas única e exclusivamente nunha segunda data, coa obrigatoriedade de acreditar a súa imposibilidade ante a Dirección Xeral de Formación e Colocación, nos seguintes casos e do seguinte xeito:

1º) Se a persoa aspirante está ou pode estar **contaxiada de COVID-19**: deberá acreditar cun test PCR ou informe médico ou certificado do seu médico de cabeceira, realizado/a no prazo de 72 horas inmediatamente anteriores á hora e data na que se vai iniciar o chamamento para a realización das probas de avaliación, remitindo electronicamente a súa situación sobrevida á Dirección Xeral de Formación e Cualificación.

2º) No suposto de que a persoa aspirante non estea contaxiada ou non se determinou o seu contaxio pero estea **en corentena** como consecuencia de ter un contacto estreito cunha persoa que si está ou estivo contaxiada por dar positivo nun test PCR, deberá xustificarse a posibilidade de pospoñer o exame mediante certificado do Centro de Seguimento de Contactos que concrete esta información e a duración prevista do illamento. Advertir que





este certificado obterao a persoa aspirante e deberao presentar ante a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Se o contacto é moi recente, 24 a 72 horas antes da proba de avaliación, pode que non lle comunicasen a necesidade de illarse ou que esta decisión non se acorde por estar a valorar as circunstancias. Neste caso, concederáselle provisionalmente a posibilidade de facer as probas de avaliación nunha segunda convocatoria excepcional por COVID-19, pero esta queda expresamente condicionada a que achegue o certificado emitido polo Centro de Seguimento de Contactos. Este certificado deberao presentar nun prazo non superior ás 72 horas seguintes á realización das probas de avaliación en primeira convocatoria e iso habilitaralle para presentarse a realización das probas nunha segunda convocatoria excepcional.

A documentación acreditativa e nos prazos fixados deberá remitirse á Dirección Xeral de Formación e Colocación-Subdirección Xeral das Cualificacións, da Consellería de Emprego e Igualdade.

Para isto, deberase empregar o modelo de solicitude xenérica co código PR004A prevista na Orde do 4 de maio de 2017 pola que se aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non teñean un sistema electrónico específico, habilitado na sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal> seguindo os pasos que alí se indican: cubrir datos, anexar documentación, asinar e presentar e obter recibo. Tamén pode optar por presentar a documentación nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia ou nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas podendo empregar o seguinte modelo.





MODELO INSTANCIA REMISIÓN DE DOCUMENTOS

Apelidos e nome		DNI/NIE/PASAPORTE
Con domicilio a efectos de notificación en : (indicar rúa, piso, porta, código postal, concello e provincia)		
Teléfono de contacto	Correo electrónico	
Pola imposibilidade de presentarse á realización das probas de competencias clave de nivel (indicar 2 ou 3 ou ambos):		Convocado para o día:

achega a documentación acreditativa da súa situación de contaxiada/en corentena/unidade familiar infectada, (marcar o que proceda)

	Test PCR
	Informe médico ou certificado do médico/a de cabeceira
	Certificado do Centro de Seguimento de Contactos

e SOLICITA ser chamado/a para unha segunda data.

-----,----- de----- 2021

(Sinatura)

SUBDIRECCIÓN XERAL DAS CUALIFICACIÓNS
DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE
Edificio Administrativo San Lázaro-CP 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)